



II CERTAME DE RELATO CURTO DE PAZOS DE BORBÉN

BASES

O Concello de Pazos de Borbén a través da Biblioteca Pública Municipal –dependente da Concellería de Cultura– convoca o “**II Certame de Relato Curto**” co obxectivo de fomentar a creatividade entre o alumnado do municipio, potenciar a expresión e a comprensión escrita, estimular o uso da lingua galega, particularmente no ámbito da narrativa/relato breve.

1. Obxectivo e participantes:

- ❖ Poderán participar todos os alumnos e alumnas residentes no Concello de Pazos de Borbén que estean cursando estudos de Educación Primaria ou Secundaria nos colexios públicos do municipio e que presenten os orixinais escritos en lingua galega.

- ❖ Estableceranse as seguintes categorías:
 - I. Categoría A: Nenos e nenas de 1º e 2º de primaria
 - II. Categoría B: Nenos e nenas de 3º e 4º de primaria
 - III. Categoría C: Nenos e nenas de 5º e 6º de primaria
 - IV. Categoría D: Rapaces de rapazas de 1º e 2º de ESO
 - V. Categoría E: Rapaces e rapazas de 3º e 4º de ESO

2. Características dos traballos:

Cada participante poderá presentar un único relato que deberá ser orixinal, inédito (en calquera formato físico ou dixital), escrito en lingua galega e non premiado.

As persoas participantes na **Categoría A: Nenos e nenas de 1º e 2º de primaria** poderán presentar un debuxo nunha folla tamaño A4 por unha soa cara que inclúa unha ou dúas frases alusivas ao debuxo presentado.

As persoas participantes das restantes categorías deberán presentar os traballos en papel e entregaranse en formato A4 por unha soa cara, manuscritos en letra clara ou ben impresos en tipo de letra Arial, tamaño 12 puntos e interliñado 1,5 liñas. A extensión mínima será dunha (1) páxina e máxima de catro (4) páxinas.

O tema dos relatos será libre.

3. Inscripción, presentación e documentación:

As obras orixinais poderán presentarse persoalmente nas oficinas da Biblioteca Pública Municipal no seu horario habitual de apertura ou enviarse ao seguinte enderezo:



CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

Concello de Pazos de Borbén
Biblioteca Pública Municipal
Pazos, nº 1
36841 Pazos de Borbén (Pontevedra)

E deberán entregarse nun sobre pechado co epígrafe “**II CERTAME DE RELATO CURTO DE PAZOS DE BORBÉN**”. Dentro deste sobre achegarase á súa vez un sobre pequeno –plica-, tamén pechado, no que figure o título da obra, a categoría na que participa e o pseudónimo do autor; e no seu interior recolleranse os datos persoais (nome, idade, enderezo, teléfono de contacto, centro de estudos, título da obra e pseudónimo do autor, así como unha declaración xurada sobre a súa autoría e orixinalidade e de aceptación das bases e os permisos e autorizacións para publicar o traballo no caso de ser premiado). Facilitarase un impreso oficial de participación no certame no que constarán todos estes datos e que deberá ir asinado polo/a autor/a e polo pai, nai, titor ou titora.

Non se poderán enviar os orixinais por medios dixitais.

4. Premios:

Haberá dous premios por cada categoría que consistirán en:

1º premio: 1 libro electrónico + un lote de libros.

2º premio: 1 lote de libros.

- Os premios de todas as categorías estarán patrocinados polo *Concello de Pazos de Borbén* e a *Deputación Provincial de Pontevedra*, coa excepción dos lotes de libros dos primeiros premios que estarán patrocinados pola *Fundación Filomena Rivero Alonso de Redondela*.

O xurado poderá conceder mencións a outras obras e tamén declarar desertos calquera dos premios no caso de considerar insuficiente a calidade dos traballos presentados.

A propiedade intelectual da obra é do seu autor/a. Non obstante, as persoas gañadoras daranlle o seu consentimento e autorización ao Concello de Pazos de Borbén para a cesión dos dereitos de reprodución, distribución, difusión exposición e comunicación pública, sen ánimo de lucro, a través de medios e soportes que a administración estime convenientes.

5. Prazo de presentación:

O prazo de presentación de orixinais abrirase o día **1 de Outubro de 2019** e rematará o día **15 de Novembro de 2019**, ás 14:00 horas.

Excluíranse todos os envíos recibidos fóra de prazo.

6. Xurado e criterios:

O xurado estará integrado por unha persoa que exerza a presidencia, outra a secretaría
Concello de Pazos de Borbén – CIF P3603700J – Enderezo: Pazos, nº 52 – 36841 Pazos de Borbén
(Pontevedra) Tls: 986497035 986497420 - Fax: 986497146 - www.pazosdeborben.org



(con voz e sen voto), unha ou dúas persoas de recoñecido prestixio no ámbito da literatura e culturas galegas, designadas polo Alcalde do concello, e dous/dúas profesores/as do CPI Curros Enríquez” de Pazos designados polo mesmo. A súa decisión será inapelable.

As obras galardoadas publicaranse no blog da Biblioteca e nas redes sociais da mesma e do concello.

A entrega de premios realizarase no mes de decembro, antes de rematar o primeiro trimestre do curso escolar 2019/2020, na data que se dará a coñecer con suficiente tempo de antelación.

7. Orixinais presentados:

As obras non premiadas serán destruídas tras a resolución do xurado e non se manterá comunicación verbal nin escrita con ningún dos/as autores/as que se presenten.

8. Aceptación das bases:

A participación nesta convocatoria implica a plena aceptación destas bases.

Calquera cuestión ou dúbida que poida xurdir na súa interpretación será resolta segundo o criterio do xurado do certame.

Os traballos presentados deberán acompañarse da declaración asinada polo/a autor/a e seu pai, nai, titor ou titora, no modelo que acompaña a estas bases.

9. Tratamento de datos persoais:

Os datos persoais das persoas participantes neste certame só serán coñecidos pola organización do concurso, quen garante o anonimato dos autores e autoras dos relatos durante todo o proceso de selección e deliberación do xurado e serán obxecto de tratamento automatizado no ficheiro da Biblioteca Pública Municipal do Concello de Pazos de Borbén cuxa finalidade é a xestión e control dos premios concedidos polo xurado. Os seus datos persoais non serán comunicados ou cedidos a terceiros. O interesado ou interesada poderá revogar o seu consentimento así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito dirixido a Concello de Pazos de Borbén – Biblioteca Pública Municipal, rúa Pazos nº 1 –36841-Pazos de Borbén (Pontevedra) ou por e-mail ao enderezo de correo biblioteca@pazosdeborben.org achegando en ambos casos copia do DNI.